



* Rota lineal que percorre ao redor de 17 Km de costa entre as localidades de Ladrido e Loiba.

* Dificultade: **media**, se seguimos os sendeiros, ou **alta** se optamos por baixar as praias e pasar dunha a outra polas rochas. Neste caso é importante coñecer previamente os horarios das mareas.

* Interese: intermareal, paisaxístico, flora de dunas e cantís, arqueolóxico e tamén histórico, xa que parte desta rota discorre polo antigo Camiño Real Ortigueira-Viveiro

* Observacións: ao ser unha rota lineal haberá que facela por etapas ou prever a ida/volta aos puntos de comezo/fin. Para tal fin anotamos os seguintes teléfonos:

Estación F.E.V.E. 981 422 201
Buses ARRIVA 902 277 482

Como chegar ?



A 5 Km de Ortigueira, seguindo a estrada AC-862 dirección Viveiro atoparemos o pequeno pobo de Ladrido, punto de partida da nosa rota.



Polo Camiño da Costa


Seguindo os pasos dos celtas...



Estás na túa casa!!

- * Non deixes no contorno o lixo e refugallos que produzas.
- * Coidado co lume. Os incendios causan graves prexuízos no medio ambiente.
- * Respecta as plantas e os animais, xa que todos cumpren un importante papel na natureza.
- * Non facer ruído é o mellor xeito de observar fauna en liberdade.
- * E sobre todo, esquece as présas, usa todos os sentidos, presta atención ás pequenas cousas e proba a visitar este espazo en distintas épocas Do ano.

Acomiñados de Loiba



Fundación Ortegalia
Avda. Francisco Santiago 6-9 15.330 Ortigueira
Telf. 981 402 413
fundacion@ortegalia.es
www.ortegalia.es

Deseño e fotos: Elisa G. Bande

“ Miña nai deume os camiños e o meu pai deixoume o mar non tiñan máis que deixarme nin eu penso máis deixar”.

Celso Emilio Ferreiro



Concello de Ortigueira



Seguindo os pasos dos celtas...
polo Camiño da Costa

Polo Camiño da Costa...

ETAPA 1: LADRIDO - ESPASANTE

Partimos do embarcadiro á beira da ría de Ladrado, importante área de alimento e refuxio de aves. Son habituais da zona: gaivotas sombrías (*Larus fuscus*), choronas (*Larus ridibundus*), patiamarelas (*Larus michahellis*), ostreros (*Haematopus ostralegus*) e zarapitos reais (*Numenius arquata*)

Para chegar a Espasante daremos un pequeno rodeo polo “Monte da Croa” (1). Isto permitiranos gozar dunhas increíbles vistas da praia de Morouzos, a illa de San Vicente, a praia de Fornos, Cariño e Cabo Ortegál cos seus tres “aguillóns”.



ETAPA 2: ESPASANTE - MAZORGÁN

Xa en Espasante, bordearemos a praia da Concha (2) polo paso de madeira existente. Pasearemos entre dunas coa súa vexetación característica: cana (*Phragmites australis*), xunco (*Juncus maritimus*), feo da praia (*Ammophila arenaria*), cebola das gaivotas (*Pancratium maritimum*) ou rabo de lebre (*Lagurus ovatus*), entre outras especies.

Ao chegar ao porto recomendamos visitar o castro de Punta dos Prados (3), co seu peculiar “Monumento con Forno”.

A súa finalidade, aínda que discutida, está relacionada con baños de vapor de carácter ritual. Accédese por unha escada que parte da cala de Santa Cristina.

Continuamos a rota dirixíndonos ao mirador “Casa da Vela” (3), antiga garita de vixilancia marítima construída a finais do século XVIII. Retornamos ao casco urbano e atravesamos as praias de San Antón (4), Eirón (5) e Bimbieiro (6), para chegar ao lugar de Mazorgán.

ETAPA 3: CANTÍS DE LOIBA

Neste punto comeza unha sucesión de praias virxes cinguidas por impresionantes cantís de filitas e xistos nos que o vento e o mar esculpiron rochas de formas caprichosas.

Desde Mazorgán, os máis aventureiros teñen a opción de descender á Ribeira Grande (7) e cruzar ata a Ribeira do Carro (8), Os Castros (9), Gaivoteira (10) e O Coitelo (11), onde ascenderemos.

Os demais gozaremos dun paseo serpenteando polos cantís, ata chegar ao areal do Picón (12), última parada do noso percorrido.